



## **Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobles titulacións de grao e máster con itinerario específico**

### **Preámbulo**

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, indica que as universidades poderán organizar e ofertar programas oficiais de simultaneidade de dobles titulacións de grao ou de máster que lle permitan ao estudiantado obter dúas titulacións diferentes ao mesmo tempo, se superan todas as materias do plan formativo. Ademais, establece que estes programas se centrarán nas materias esenciais dos plans de estudio de cada un dos títulos implicados e será a universidade a responsable de garantir que con eles o estudiantado adquirirá os coñecementos e as competencias definidos nas memorias dos ditos títulos.

A Secretaría Xeral de Universidades (SXU), en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 8 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ditou, o 16 de decembro de 2019, unha serie de instrucións para ordenar a oferta dos programas de simultaneidade de graos no sistema universitario de Galicia e avaliar os resultados académicos.

A Universidade da Coruña (UDC), tratando de aproveitar as sinerxías formativas entre títulos que se complementan, tanto a nivel educativo como profesional, adecuou a súa oferta académica de graos coa implantación progresiva de distintos programas de simultaneidade de dobles titulacións desde o curso 2011/12. Estes programas, que demostraron un alto nivel académico e unha gran demanda desde a súa implantación, posibilitaron a incorporación de persoas egresadas ao mercado laboral cunha formación de gran calidade, ampla e multidisciplinar.

Dado que na UDC non existe unha normativa que regule a organización e a oferta destes programas de simultaneidade entre títulos da UDC, considérase necesario establecer unha regulación en consonancia coas directrices marcadas polo RD 822/2021, coas Instruccións do 16 de decembro de 2019 da SXU e coa experiencia adquirida.

### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

- Este regulamento ten por obxecto a regulación da organización e oferta de programas académicos de simultaneidade de dobles titulacións do mesmo nivel MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior) cun itinerario específico (a partir de agora, Programas de Simultaneidade).



2. Este regulamento non lles será de aplicación ás persoas egresadas dunha das titulacións que formen parte dun Programa de Simultaneidade que desexen cursar a outra, nin ás que estuden, de maneira simultánea, dúas titulacións oficiais do mesmo nivel MECES que non estean incluídas nun Programa de Simultaneidade.

## **Artigo 2. Concepto de Programa de Simultaneidade**

1. Os Programas de Simultaneidade constitúen unha oferta educativa que lle permite ao estudiantado cursar dúas titulacións da UDC do mesmo nivel MECES ofertadas nun único itinerario curricular e obter ambos os títulos oficiais se son superadas todas as materias que conforman o Programa.

2. Os Programas de Simultaneidade débense basear na construcción dun proxecto formativo común de dúas titulacións diferenciadas que teña coherencia académica e reforce a formación integral do estudiantado. Este proxecto formativo deberá garantir que o estudiantado adquiere os coñecementos e as competencias fundamentais que se definen nas memorias dos respectivos títulos.

3. O proxecto dun Programa de Simultaneidade non poderá implicar a elaboración dun novo plan de estudos nin a modificación substancial das memorias verificadas das correspondentes titulacións. Con todo, estes programas incluiranse como estruturas curriculares específicas nos procedementos de modificación das titulacións que os componen.

4. Un título universitario de grao poderase incluír, como máximo, en tres Programas de Simultaneidade.

5. A organización docente dos Programas de Simultaneidade velará porque o estudiantado destes programas teña garantida a compatibilidade de horarios, os lugares de impartición de clases e as datas das probas de avaliación.

## **Artigo 3. Profesorado**

Con carácter xeral, o establecemento de Programas de Simultaneidade non levará asociada a contratación de profesorado adicional, xa que as prazas que se ofrecen para estes programas proveñen dos graos ou másteres preexistentes.

## **CAPÍTULO II. Procedemento de creación do Programa de Simultaneidade**

### **Artigo 4. Solicitude**

1. Para a posta en marcha dun Programa de Simultaneidade será necesario que o centro ou centros onde se imparten as titulacións oficiais de grao ou máster, segundo corresponda, presenten unha solicitude de creación do Programa, dirixida á vicerreitoría con competencias en titulacións .

2. Xunto coa solicitude débese remitir a memoria do Programa, redactada conforme ao que está disposto no capítulo III deste regulamento e ao modelo normalizado do anexo I, acompañada da seguinte documentación:



- a) a certificación de aprobación da memoria nas correspondentes xuntas de facultade ou escola;
- b) un informe preceptivo e favorable do sistema interno de calidade do centro ou centros implicados, que detalle o proxecto formativo do Programa.

### **Artigo 5. Información pública**

Unha vez recibida a solicitude, a vicerreitoría con competencias en titulacións levará a cabo un trámite de información pública para que a comunidade universitaria poida consultar a proposta e realizar as alegacións que se estimen oportunas, que se dirixirán ao centro que presentara a solicitude.

### **Artigo 6. Informe da Comisión de Plan de Estudos**

Unha vez que transcorra o prazo para presentar alegacións, a Comisión de Plan de Estudos deberá elaborar un informe sobre a proposta e as alegacións presentadas.

Se o informe é favorable, remitírselle ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

En caso contrario, a Comisión comunicaralles aos centros propoñentes as razóns do informe negativo e daralles un prazo para corrixir as deficiencias detectadas ou, de ser o caso, para presentar novas alegacións.

Se transcorrido este prazo a Comisión modifica o seu informe, enviarallo ao Consello de Goberno para a súa aprobación. En caso de non o modificar, comunicáráselles aos centros propoñentes que a súa proposta foi rexeitada.

### **Artigo 7. Aprobación e oferta**

A aprobación das propostas correspóndelle ao Consello de Goberno.

Os Programas de Simultaneidade aprobados poderanxe incluír na oferta académica da UDC para o curso seguinte, sempre que contén coa autorización pertinente da SXU, conforme o procedemento establecido en cada momento.

## **CAPÍTULO III. Proxecto formativo e normativa do Programa de Simultaneidade**

### **Artigo 8. Proxecto formativo**

O proxecto formativo do Programa de Simultaneidade, que debe constar na memoria do Programa, conterá a seguinte información:

- a) Denominación e duración do Programa
- b) Centro ou centros que o propoñen: indicarase o centro responsable do Programa. En caso de ser titulacións de centros distintos indicarase o centro xestor, que será o responsable da custodia dos expedientes do estudiantado e da xestión administrativa do Programa, áinda que se poderá considerar alternar a coordinación do Programa entre ambos os centros.
- c) Número de prazas de novo ingreso: indicarase o número de prazas disponible para o novo estudiantado no programa e o seu impacto na oferta de prazas de cada un dos



títulos que o compoñen. O número de prazas dun Programa de Simultaneidade axustarase ao establecido a normativa vixente e ao que, no seu momento, autorice a Secretaría Xeral de Universidades.

- d) Xustificación do Programa: explicarase a oportunidade que supoñerá a implantación deste Programa e dos beneficios que lle achegará ao alumnado. Neste sentido, incluirase un estudo de viabilidade do Programa a partir do interese laboral, as oportunidades formativas e a coherencia académica dos títulos que o forman. Ademais, indicarase o profesorado dispoñible que participe na súa impartición e os recursos materiais dispoñibles no centro ou centros onde se impartirá a docencia, detallando os espazos, equipamento e servizos necesarios para a súa impartición.
- e) Itinerario curricular específico: no proxecto detallarase un itinerario organizado por cursos e cuadrimestres, indicando o plan de estudos a que corresponde cada unha das materias que o estudiantado debe cursar. O itinerario formativo específico elaborarase a partir das materias que se consideren esenciais dos respectivos plans de estudos e garantirá que o estudiantado poderá adquirir os coñecementos e as competencias fundamentais establecidos nas memorias dos respectivos títulos.
- f) Coñecementos e competencias fundamentais para alcanzar: estableceranse tendo en conta o ámbito de coñecemento dos títulos e das materias de formación básica que conformarán o Programa. Ademais, garantirse que co dito itinerario o estudiantado pode asumir os coñecementos e as competencias fundamentais que se definen nas memorias dos respectivos títulos. Para cumplir o anterior, o informe do sistema interno de calidade do centro ou centros implicados fará alusión ao cumprimento da dita garantía.
- g) Táboa de recoñecementos mutuos: esta táboa indicará a equivalencia de cada materia ou bloque de materias de cada título individual no itinerario curricular específico, identificando que materias aparecerán como cursadas e cales figurarán como recoñecidas no expediente do estudiantado.
- h) Traballo Fin de Grao (TFG) ou Traballo Fin de Máster (TFM): indicarase se se permitirá a defensa conxunta dos dous traballos como se se tratase dun só, integrando as competencias esixidas nos traballos dos dous títulos. En todo caso, haberá unha acta individual para cada traballo. Ademais, especificarase se, para defender o TFG ou TFM, é necesario ter superados todos os créditos dos dous plans de estudos, excepto os dous traballos de fin de estudios ou se, polo contrario, é suficiente con superar os créditos do título correspondente.
- i) Mecanismos de coordinación docente: se procede, especificaranse os axentes implicados na coordinación docente e os mecanismos e procedementos que se utilizarán.
- j) Calquera outra información de interese para o Programa.



## **Artigo 9. Normativa académica aplicable ao Programa de Simultaneidade**

1. A memoria do Programa deberá incluír a normativa específica do Programa de Simultaneidade que recollerá, entre outras cuestións, o réxime académico, a impartición das ensinanzas, a avaliación do estudiantado e, en xeral, todos os aspectos académicos da programación docente específica do Programa.
2. En todo o que non estea recollido na normativa específica resultará de aplicación a normativa académica da UDC.

## **CAPÍTULO IV. Acceso, progresión, permanencia, abandono e finalización do Programa de Simultaneidade**

### **Artigo 10. Acceso e admisión do estudiantado**

1. Poderá acceder ao Programa de Simultaneidade o estudiantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambas as titulacións, de acordo cos procedementos e a normativa vixentes no momento da convocatoria.
2. A solicitude de admisión para os Programas de Simultaneidade realizarase polos mesmos procedementos que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC, que variarán segundo sexan titulacións de grao ou máster.
3. Na normativa específica do Programa establecerase se é posible que acceda ao Programa de Simultaneidade do curso académico seguinte o estudiantado que estea a cursar algunha das titulacións individuais de grao ou máster. De ser así, detallaranse os recoñecementos que lles serán de aplicación, o número máximo de estudiantes que poderán ser admitidos/as por esta vía, os criterios de admisión e calquera outra condición que se considere oportuna.

### **Artigo 11. Criterios de matrícula**

1. O estudiantado de primeiro curso por primeira vez poderá optar por se matricular a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso do Programa, ou ben a tempo parcial, segundo o que estableza a norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudio do estudiantado de grao e máster universitario na UDC.
2. O estudiantado de continuación de estudos deberase matricular a tempo completo ou a tempo parcial, respectando sempre o número de créditos que se estableza, con carácter xeral, para todo o alumnado da UDC na norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudio.
3. De acordo coa norma que regula a progresión e permanencia do estudiantado de grao e máster universitario na UDC, o estudiantado de continuación de estudos deberase matricular de todos aqueles créditos de formación básica e obligatoria que non superase en cursos anteriores. O número total de créditos non poderá exceder do que estableza a norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudio.



4. Naqueles casos en que o número de créditos de formación básica e obligatorios pendentes de cursos anteriores supere o número de créditos en que se queira matricular o alumnado con dedicación a tempo parcial, non será necesario que se matricule de todos eles. Con todo, a matrícula nestes créditos pendentes será prioritaria.
5. O estudantado poderá desistir da súa matrícula de conformidade co que dispoña a normativa de xestión académica da UDC que corresponda a cada curso académico.

#### **Artigo 12. Avaliación e número de convocatorias**

1. O estudantado matriculado terá dereito, en cada curso académico e para todas as materias do Programa, a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación. Estas avaliacións realizaranse de acordo co calendario académico que se aprobe cada curso ou á normativa correspondente.
2. A avaliación de cada materia realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes. As convocatorias dos exames serán aprobadas e publicadas polo centro ou centros implicados, xunto coas de cada un dos graos que conforman o Programa de Simultaneidade.

#### **Artigo 13. Progresión e permanencia**

1. Na normativa específica do Programa de Simultaneidade indicarase se ao estudantado lle será de aplicación a norma vixente que regule a progresión e permanencia do estudantado de grao e máster universitario na UDC ou se se rexerá por criterios propios do programa. Neste último caso, a norma que se estableza non poderá ser menos esixente que a da UDC e deberá incluír:
  - a) os requisitos de permanencia para o estudantado de primeiro curso por primeira vez e o de continuación;
  - b) os efectos do incumprimento dos requisitos de permanencia, así como as autorizacións especiais e/ou excepcionais de matrícula;
  - c) as causas polas que se poden pedir tales autorizacións e os procedementos para as solicitar;
  - d) calquera outro aspecto de interese para o Programa.
2. As solicitudes de autorización de matrícula do estudantado do programa que non cumpla cos requisitos establecidos, debido a situacións excepcionais suficientemente acreditadas, serán resoltas, por delegación do/da reitor/a, polo decano/a ou director/a do centro xestor, tras o informe da Comisión Académica que corresponda.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte de recibir a resolución.



## **Artigo 14. Abandono do Programa de Simultaneidade**

1. O estudantado que decida abandonar o Programa deberálo comunicar á Administración do centro xestor antes do inicio do período ordinario de matrícula.

2. En caso de abandonar, os/as estudiantes poderán:

a) Elixir, dentro do prazo establecido, unha das dúas titulacións do Programa, sempre que cumpran os requisitos de permanencia da titulación que desexen cursar.

De non cumplir estes requisitos, o/a decano/a ou director/a do centro que imparta esta titulación, logo da solicitude da persoa interesada, poderá autorizar a matrícula segundo o que estableza a norma vixente que regule a progresión e permanencia do estudantado de grao e máster universitario na UDC.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento na titulación que elixa dos créditos superados na titulación que abandona. Para iso terase en conta a táboa de recoñecementos de materias ou bloques de materias establecida no proxecto formativo do Programa.

b) Solicitar, dentro do prazo que corresponda, praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, segundo o que estableza a normativa correspondente.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento dos créditos superados no Programa de Simultaneidade.

## **Artigo 15. Finalización de Programa de Simultaneidade ou dunha das titulacións**

1. Os/as estudiantes que finalicen os seus estudos tras cursar calquera dos Programas de Simultaneidade obterán os títulos oficiais das titulacións de grao ou máster que os componen.

2. Non obstante, o/a estudante poderá solicitar a expedición de calquera dos títulos antes de finalizar o programa, sempre que cumprira as condicións establecidas no correspondente proxecto formativo. Estas condicións deberán garantir que o estudantado adquirise os coñecementos e as competencias fundamentais establecidos na memoria da titulación.

## **CAPÍTULO V. O recoñecemento específico e título**

### **Artigo 16. Recoñecimentos específicos para estudiantes do Programa de Simultaneidade**

1. O estudantado que supere todas as materias do itinerario curricular específico do Programa de Simultaneidade, excepto os traballos fin de estudos, terá dereito a que se recoñezan tamén os créditos daquelas materias non cursadas de cada un dos títulos do programa. Ademais, poderá defender os TFG/TFM, segundo corresponda. Este recoñecemento será gratuito e realizarase sen prexuízo do que estableza a norma vixente de recoñecemento e transferencia de créditos.



2. No caso de que se permita a defensa do TFG/TFM sen completar todo o itinerario curricular específico excepto os TFG/TFM, recoñeceranse os créditos das materias que aparezan nas táboas de recoñecementos da memoria do Programa (anexo I, apartado 2.8), seguindo as directrices alí indicadas. Neste caso, para finalizar o outro título, só será necesario completar os créditos das materias pendentes no momento da separación dos expedientes. Este recoñecemento será gratuito.

### **Artigo 17. Da expedición dos títulos oficiais**

1. O estudiantado deberá solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais que forman o Programa de Simultaneidade. A solicitude poderase facer a través da secretaría virtual do estudiantado ou, no seu defecto, na Administración do centro correspondente ao título que se quere solicitar.
2. Aboaranse, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia para cada curso académico.
3. Os trámites administrativos necesarios para a expedición de cada título seguirán o mesmo procedemento que se aplica de forma xeral para a expedición de títulos oficiais.

### **Disposición adicional**

A UDC resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, cada un dos Programas de Simultaneidade de estudos implantados se a demanda destes non coincide coa oferta académica prevista. Non obstante, o alumnado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de os finalizar.

En caso de cesar a oferta dun Programa de Simultaneidade, as prazas que pertencían aos títulos que formaban parte do programa distribuiranse entre estes títulos.

### **Disposición transitoria**

1. Este regulamento, así como as normativas específicas correspondentes, serán de aplicación para os Programas de Simultaneidade que se autoricen para a súa impartición a partir do curso 2025/26.
2. Os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica a este regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Correspónelle á vicerreitoría con competencias en titulacións o desenvolvemento deste regulamento, a súa interpretación, así como o ditado de cantas instrucións resulten precisas para a súa aplicación.



### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O Reitor



## ANEXO I. Modelo normalizado de Memoria do Programa de Simultaneidade

### **MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO/MÁSTER EN \_\_\_\_\_ E O GRAO/MÁSTER EN \_\_\_\_\_ POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Centro/s académico/s responsable/s:

---

---

Este programa foi aprobado pola/s xunta/s de centro na/s sesión/s do \_\_\_\_ de  
\_\_\_\_\_. de \_\_\_\_\_.

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.  
de \_\_\_\_\_.



## 1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola/s Facultade/Escola de \_\_\_\_\_, que lle permite ao estudiantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ (a partir de agora, “Programa de Simultaneidade”).

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar a partir dos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

## 2. Proxecto formativo

### 2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao/Master en \_\_\_\_\_ e o Grao/Máster en \_\_\_\_\_. O estudiantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

O Programa terá unha duración de \_\_\_ cursos académicos, distribuídos en \_\_\_ cuadrimestres segundo a estrutura detallada en \_\_\_\_\_.

Para superar o programa será necesario superar un total de \_\_\_ créditos.

### 2.2. Centro ou centros que o propoñen

A Facultade/Escola de \_\_\_\_\_ será a responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como dos expedientes do alumnado. O estudiantado aboará neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos correspondentes aos títulos \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

*(Pódese engadir información adicional, en caso de o considerar oportuno)*

A impartición de todas as disciplinas deste Programa de Simultaneidade levarase a cabo na Facultade/Escola de \_\_\_\_\_ da UDC.

*(No caso de que a docencia se imparta en varios centros, débese adaptar o indicado no parágrafo anterior)*

### 2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas disponíveis para o novo estudiantado no Programa de Simultaneidade determinarase cada curso académico, segundo o que aprobe o

Consello de Goberno, por proposta da/s Facultade/Escola de \_\_\_\_\_, de conformidade coa normativa vixente.

#### **2.4. Xustificación do Programa**

(Interese académico, científico e profesional do itinerario, saídas profesionais, referentes externos, suficiencia de recursos humanos e materiais, obxectivos -aliñados cos resultados de formación e de aprendizaxe específicos dos títulos que o integran- e calquera outra consideración que se estime oportuna. Deixarase constancia da oportunidade da súa implantación tendo en conta os beneficios que poidan supoñer para o alumnado.)

#### **2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuadrimestres**

(Hai que incluír as materias para cursar, con indicación expresa do plan de estudios individual a que pertence cada unha delas).

CURSO							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
Total créditos:						Total créditos:	

(Débense incluír tantas táboas como sexa necesario e, se procede, particularidades da ordenación proposta).

#### **2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG)/Máster (TFM) e Prácticas Externas**

(En relación ao TFG/TFM, indicarase se se esixirá a defensa independente dos dous traballos ou se, pola contra, se poderán defender conjuntamente, como se se tratase dun só, integrando as competencias esixidas nos traballos dos dous títulos.

Tamén se especificará se, para a defensa dos TFG/TFM, é necesario ter superados todos os créditos correspondentes aos dous plans de estudios -excepto os correspondentes aos traballos fin de estudos- ou se, pola contra, é suficiente con ter superados os créditos dun dos títulos que o integran para poder defender o seu correspondente TFG ou TFM.



*Ademais, indicaranse todos aqueles aspectos adicionais relevantes sobre a oferta e avaliación do TFG/TFM e da materia de Prácticas Externas no caso de que se inclúa no itinerario curricular específico).*

## **2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar**

## **2.8. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións**

*(É preciso incluir as materias recoñecidas en cada unha das titulacións polas cursadas no programa académico de simultaneidade de dobre titulación).*

Grao/Máster en _____					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia
Grao/Máster en _____					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia

*(Débense incluir tantas filas como sexan necesarias e, se procede, detallar as particularidades sobre os recoñecementos. Hai que indicar tamén o procedemento que seguirá o centro xestor para realizar os recoñecementos).*

## **2.9. Mecanismos de coordinación docente**

*(Se é necesario, especificaranse os/as axentes implicados/as e os mecanismos e procedementos que se utilizarán para levar a cabo a coordinación docente. Por exemplo, a composición, a función e as competencias da Comisión Académica do Programa ou a función e as competencias da persoa coordinadora do Programa).*

## **3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade**